Incumprimento pola Deputación da Coruña das bases dun proceso selectivo sobre os criterios de valoración

Expediente: A.4.Q/1243/21

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2021

Estimado Sr. [redacted]

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente a un proceso selectivo para técnico de cultura da Deputación de A Coruña.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que presentou unha ampliación a un recurso de alzada previo o 28 de decembro, sobre as notas do segundo exame para técnico de cultura da Deputación e tras pasar máis de 3 meses, aínda non tiven resposta.

Ante iso requirimos informe a Deputación de A Coruña, que xa nolo remitiu. No informe da Administración sinalase o seguinte:

"I ANTECEDENTES DE FEITO

11.1 0 Tribunal cualificador do proceso selectivo para listas de persoal temporal para postos de técnico de cultura A1 nomeado por RP 25133/2020 do 28/08/2020 (BOP 142 do 01/09/2020) acordou con data 16/11/2020 facer pública a relación de aprobados no segundo exercicio e a puntuación definitiva do proceso selectivo.

11.2 0 interesado interpón con data 28/12/2020 unha ampliación do recurso de alzada presentado, alegando en síntese que os criterios de valoración se acordaron con posterioridade á realización do exercicio.

II FUNDAMENTOS DE DEREITO

11.1 A presidencia da Deputación en uso das atribucións que ten conferidas polo artigo 34 da Lei 7/1985, Reguladoras das Bases de Réxime Local e disposicións concordantes é competente para coñecer do presente asunto.

11.2 Como cuestión xeral sobre as alegacións presentadas, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, coa entrega do segundo exercicio informouse no propio exercicio dos criterios de valoración do mesmo co desglose en cada apartado da puntuación máxima a obter tal e como se reflicte na acta número 6. Na acta número 8 o que acorda o tribunal é a aplicación dos criterios de valoración para facer a corrección dos exercicios, en atención á discrecionalidade técnica que asiste aos membros dos tribunais.

De acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas anteriores, RESOLVO

Desestimar a ampliación do recurso de alzada interposto.

De conformidade co previsto nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo competente o recurso contencioso-administrativo. O prazo para a súa interposición será de dous meses que se contará desde o día seguinte ao da súa notificación. Con todo, se o considera conveniente, pode utilizar e exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Coa entrega do segundo exercicio informouse no propio exercicio dos criterios de valoración do mesmo, co desglose, en cada apartado, da puntuación máxima a obter tal e como se reflicte na acta número 6.

Na acta número 8 o que acorda o tribunal é a aplicación dos criterios de valoración para facer a corrección dos exercicios, en atención á discrecionalidade técnica que asiste aos membros dos tribunais.

A ampliación do seu recurso de Alzada foi admitida e resolta sendo esta resolución desestimatoria e anunciándolle os recursos que contra da mesma se podían presentar.

CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado organismo, e, según conversación telefónica mantida con vostede no dia de

hoxe, dedúcese que lle foi notificada dita resolución, aínda que con data posterior a presentación da súa queixa e unha vez que desde esta Institución se iniciaron os tramites de solicitude de información.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa, falla de notificación da resolución da ampliación do recurso de alzada, e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluirase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)